



DE MUROS A MONTE LOURO

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 20 km (ida e volta)

Muíño de marea ao centro de Muros: 1,5 km

Centro de Muros a EDAR: 3 km

Percorrido desde a EDAR ata remate da praia de San Francisco: 1,5 km, máis 1 km desde a praia de S. Francisco a remate da praia de Fogareiro.

Volta a monte Louro con achegamento á praia e á lagoa: 5 km o traxecto máis curto.

Dificultade: baixa



34-MUROS. O porto de Muros é o máis importante do seu distrito pesqueiro. A vila conta cun importante patrimonio artístico e etnográfico entre os que destacan as casas mariñeiras con arcos e galerías e a igrexa parroquia de San Pedro dos séculos XIV a XVI.



Unha camiñada de interese etnográfico, paisaxístico e ambiental na contorna de Muros, ou como pasar un día percorrendo Muros, os seus arredores costeiros e o espazo natural de Monte Louro.

Enseada de Muros. Ábrese entre o cabo Rebordiño e a punta de Santa Catalina. Ao seu abrigo instálase a vila de Muros. En realidade dúas enseadas cunha boca común, a de Muros, ao oeste, entre o Cabo e a Punta Ostreira, e a de Bornalle, entre a Punta Ostreira e a illa de Santa Catalina.



PERCORRIDO

encamiñarnos logo ao muíño de marea da **Acea do Cachón**, que tamén é un bo sitio para comezar o percorrido sen ter que ir e volver á vila, para continuar polo porto ata a **praia do Castelo**. Desde ela e aproveitando o paseo pola beira da estrada (na que os tramos abandonados serven de aparcamento, área de descanso e miradoiro) e mentres imos gañando altura camiñamos cara a San Francisco gozando das panorámicas da ría, dobramos o **cabo Rebordiño** co seu faro, rodeamos a **enseada da Cova** e logo seguimos pola berma da estrada ata a altura da EDAR onde, por un carreiro que se achega ao parque de campismo, baixamos á **praia da Bouga**. Desde a praia da Bouga podemos continuar pola area ou polo paseo que beirea a **praia de San Francisco** ata o seu remate, e se a marea está baixa podemos pasar pola **punta do Seixido** á **praia de Fogareiro** e no final da praia incorporarnos á estrada que vai ao faro de **Monte Louro** (coa marea alta temos que subir da praia de San Francisco á estrada e camiñar pola beira uns metros ata atopar o primeiro cruce á esquerda polo que nos incorporamos a unha estrada que baixa á praia de Fogareiro). O percorrido arredor de Monte Louro é circular e permítenos gozar das tres xoias do espazo protexido: o monte , a **praia de Area Maior** e a **lagoa das Xarfas**; faise por unha pista case a nivel asfaltada ata o faro e logo de terra da que máis adiante saen desvíos que baixan á praia e á lagoa. Desde a lagoa subimos á estrada principal para volver por ela a San Francisco e facer a volta polo camiño da ida. Se facemos o percorrido completo camiñaremos uns 20 km.




Enseada de Muroscos co Cabo Rebordiño no primeiro plano



Faro do Cabo Rebordiño



Muíño de Marea Acea do Cachón.



Praia da Virxe do Camiño



Rúas de Muros



Praia do Castelo.



Cabo Rebordiño e enseada de Covas.



Praia da Bouga



Praia de San Francisco, con 760 m de lonxitude, e unha das máis concurridas da banda norte da Ría de Muros e Noia. De area branca e fina e abrigada. Esta zona era coñecida co nome de Lugar de Fomento, polas tres fábricas de salga que aquí estiveron instaladas. A continuación, cara a Monte Louro está a praia de Fogareiro, de 460 m de lonxitude, tamén moi abrigada e de area fina.



Punta Seixido e Praia de Fogareiro (vista desde Monte Louro). Ao fondo a praia de san Francisco e A Bouga.

Monte Louro é un pequeno macizo granítico situado no extremo noroccidental da Ría de Muros e Noia. Remata en dous cumes: Pico da Garita (239 m) e Monte Louro (223 m). Ten interesantes formas erosivas como pías e cacholas. No pe do monte hai restos de asentamentos prehistóricos. A costa que rodea península de Monte Louro está formada por cantís rochosos de pouca altura e abundantes illotes e cons: Rochas do Neixón, Pedra do Con, A Ínsua...





Faro de Monte Louro, na punta Queixal. Foi construído en 1862.



Unha das moitas rochas con formas curiosas que se poden atopar no Monte Louro



Praia de Area Maior, de Louro ou Arealonga, de 1.470 m de lonxitude e 50 m de largor medio. Está asentada sobre unha frecha que pecha case totalmente a desembocadura do rego Longarelo formando a lagoa das Xarfas. Conserva un bo sistema dunar.



Lagoa das Xarfas, de auga doce e so ten comunicacióm co mar en temporais e épocas de mareas vivas. É unha importante zona de invernada de aves.